

AS NOTICIAS

Elixe unha nova dun xornal para realizar as actividades.

Antes de empezar... Lembremos que son os medios de comunicación de masas

1. Que entendemos por medios de comunicación de masas?
2. Dentro dos medios de comunicación de masas diferenciamos entre medios impresos e medios audiovisuais. Completa o seguinte cadro.

<i>MEDIOS IMPRESOS</i>	<i>MEDIOS AUDIOVISUAIS</i>

3. Con que frecuencia utilizas os medios de comunicación de masas?

	<i>PRENSA</i>	<i>TELEVISIÓN</i>	<i>RADIO</i>	<i>INTERNET</i>
<i>Varias veces ao día</i>				
<i>Unha vez ao día.</i>				
<i>Cada dous días.</i>				
<i>Nunca</i>				

4. Completa esta táboa cos xornais, revistas, canles de televisión, emisoras de radio e páxinas de Internet que utilizas con máis frecuencia.

<i>PRENSA</i>	<i>TELEVISIÓN</i>	<i>RADIO</i>	<i>INTERNET</i>

Os xéneros xornalísticos

Os textos xornalísticos poden ser de opinión, de información e mixtos. Completa o seguinte cadro sobre as diferentes modalidades destes e indica se se trata dun texto de información, opinión ou mixto.

MODALIDADE	DEFINICIÓN	TIPO: INFORMATIVO, OPINIÓN OU MIXTO
Noticia		
Reportaxe		
Artigo de opinión		
Entrevista		
Crónica		
Editorial		

Xa é hora de comezar a traballar coa nosa noticia

1. Por que elixiches esa noticia? Busca esa mesma nova noutro xornal e analiza as diferenzas que presentan tanto nos titulares coma no tratamento da información.
2. Resume a nova en non máis de cinco liñas, para isto previamente deberás subliñar a idea principal.
3. Como sabes as noticias adoitan presentar a seguinte estrutura: titular, encabezamento ou entrada e corpo da noticia. Identifica as partes nas que se estrutura a túa nova.
4. Os titulares poden ser informativos ou valorativos. No caso da nova que vés de elixir que tipo de titular presenta. Por que?
5. Reescribe o titular da túa nova: se é valorativo escribe un informativo e se é informativo escribe un valorativo.
6. A redacción das noticias debe responder a seis preguntas: que?, quen?, por que?, cando?, onde? e como?. Responde a que elixiches ti a estas seis preguntas. De ser así, completa o seguinte cadro.

Que?	
Quen?	
Por que?	
Cando?	
Onde?	
Como?	

Actividades de busca en Internet

1. Elixe cinco países do mundo e busca o nome de cando menos tres xornais de cada un.
2. Busca no catálogo da biblioteca dúas obras narrativas en lingua galega relacionadas co xornalismo

E xa para rematar... escribimos nós

Agora tes que escribir unha nova sobre algún feito que sucedera na clase. Aquí deixámosche algúns aspectos a ter en conta á hora de redactar a túa nova:

- Lembra que a redacción debe ser clara, breve e concisa.
- Escribe con obxectividade, sen incluír valoracións persoais.